UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES PLURILINGÜE A CACHADA

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

IES PLURILINGÜE A CACHADA

CURSO 2018/19

Extraescolares IESP A Cachada

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

ÍNDICE

1. Introdución
   1.1. Normativa e características xerais
   1.2. Reflexións baseadas na Memoria Dpto. Extraescolares 2017/18
2. Fundamentos, obxectivos e liñas xerais
3. Obradoiros e Proxectas
   3.1. Club do Antifás
   3.2. Club de Ciencia - Obradoiros de avós e avoas
   3.3. Espazos maker
   3.4. Obradoiro Bolaño
   3.5. Intercambio con Francia
   3.6. Quérote +
   3.7. Apúntome a non beber
4. Contratos Programa
   4.1. STARgal
   4.2. Espazo Familia
5. A roda do ano
6. Anexo: actividades específicas dos Departamentos
7. Anexo: calendario de actividades extraescolares no curso 2018/19

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

1. Introdución

1.1. Normativa e consideracións xerais

A normativa legal que regula as programacións didácticas e actividades extraescolares na Comunidade Autónoma de Galicia é:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG, 09/08/96). No capítulo III (título III) regúlase o departamento de actividades complementarias e extraescolares
- Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG, 02/09/97)
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

Nesta normativa establécese que:

- Os centros facilitarán e promoverán a **participación dos distintos sectores da comunidade educativa**, individualmente ou a través das súas asociacións e os seus representantes no consello escolar, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades extraescolares. Deste xeito, poden participar distintas entidades, tales como o centro, as asociacións de nais e pais de alumnado, as entidades sen ánimo de lucro, as asociacións culturais, etc. Deben figurar sempre na programación xeral anual e ser aprobadas polo consello escolar, tanto nos centros públicos como nos privados.
- As administracións locais poderán colaborar cos centros educativos para impulsar as actividades extraescolares e promover a relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que estes desenvolven o seu labor.
- No caso dos centros públicos, as entidades alleas a este que organicen actividades extraescolares no mesmo deberán tramitar os permisos oportunos para o uso das instalacións, debendo presentar unha memoria descritiva que inclúa a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vai desenvolver.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- A dirección e realización de actividades extraescolares de formación física, deportiva ou danza estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente.

Nos centros públicos de Educación Secundaria, será o departamento de actividades complementarias e extraescolares o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. O departamento está integrado polo xefe ou xefa do mesmo e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma. No noso centro, a xefa do departamento será **Ana Fernández Moreiras**, profesora de Tecnoloxía con destino definitivo no centro, nomeada polo director, a proposta da xefa de estudos e oída a CCP por un período de catro anos, e formará parte do equipo a profesora **Flor Domínguez Martínez** e un grupo de alumnos e alumnas escollidas ó principio de curso.

Cando estas actividades se realicen fóra da localidade requiririase a previa aprobación por parte do consello escolar, a autorización escrita dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado participante e o acompañamento dun número de profesores/as, coa proporción mínima **dun profesor/a por cada vinte alumnos/as**. **Poderá un profesor/a acompañar máis dunha unidade sempre que non se rebasen os 30 alumnos/as**.

A presente programación bosquexa un conxunto de actividades susceptibles de ampliación, en función do desenvolvemento do curso. No caso de xurdir un convenio de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro, sempre coa aprobación do consello escolar, este deberá ser autorizado polo titular da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Dirección Xeral responsable dos centros ou da propia Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

Finalmente, convén lembrar a diferenciación entre actividades complementarias e extraescolares, de acordo coa normativa vista:

- Considéranse **actividades extraescolares** as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu contorno e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, á preparación para a súa inserción na sociedade e ao uso do tempo libre. Defínense como aquelas que se realizan **fóra do horario lectivo** e figuran na programación xeral anual aprobada polo consello escolar. Estas actividades, que teñen **carácter voluntario** para os alumnos e alumnas, non poden

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

supoñer discriminación para ningún membro da comunidade educativa nin poden ter carácter lucrativo.

As actividades extraescolares non forman parte do currículo oficial e non poden ser susceptibles de avaliación académica; non deben, así mesmo, ir en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial.

A organización das actividades extraescolares pode levarse a cabo a través das asociacións de nais e pais do alumnado ou doutras asociacións colaboradoras ou en colaboración coas administracións locais. A proposta de programación das actividades extraescolares que se eleve para a súa inclusión no Programación Xeral Anual do centro comprenderá a denominación específica da actividade, o horario, o lugar no que se desenvolverá e o persoal que a dirixirá e levará a cabo.

- Considéranse **actividades complementarias** as organizadas polos centros educativos **durante o horario lectivo**, de acordo co seu Proxecto Curricular, e que teñen un carácter diferenciado das puramente lectivas polos momentos, os espazos e os recursos que utilizan. Tendo en conta que estas actividades se realizan dentro do horario lectivo, os centros deben arbitrar as medidas necesarias para atender educativamente ós alumnos e alumnas que non participen nelas.

Pola súa propia natureza, as actividades complementarias deben ser organizadas e controladas polo profesorado do centro, como se de actividade lectiva ordinaria se tratara, independentemente de que outras persoas relacionadas co centro ou coa propia actividade poidan colaborar. A implicación do profesorado nestas actividades vén marcada tanto porque lle afecta á súa planificación (desde a Programación Didáctica ata a Programación Xeral Anual) como porque poden formar parte da súa xornada laboral.

1.2. Reflexións baseadas na Memoria Dpto. Extraescolares 2017/18

En xeral acadamos con éxito os obxectivos bosquexados a principio de curso: traballo interdisciplinar, equipos heteroxéneos con retroalimentación entre uns e outros proxectos e difusión dos resultados.

Analizando os non conseguidos, concluímos que debemos:

- Mellorar a lóxica de saídas extraescolares para evitar a sobrecarga ou desequilibrio (xa sexa por niveis ou por trimestres), procurando que as viaxes non supoñan un excesivo desembolso económico por parte das familias e mirando por que os contidos non se alonxen en exeso do laicismo, como indica a lei para o ensino público español (partindo

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

da reflexión de algunha das profesoras participantes na saída de 3ºESO do curso pasado).

- Mellorar a dinámica do grupo de alumnado que forma parte do Equipo de extraescolares.
- Incentivar a participación do alumnado en concursos/iniciativas literarias (relatos para recreos arrepiantes, concurso de microtextos teatrais, etc.)
- Intentar involucrar máis ás familias nas actividades extraescolares do centro.
- Reducir a participación en actividades que implican burocracia e supoñen pouco ou ningún feedback para o centro (nomeadamente algúns Proxectas)

A hora de reunión entre coordinadora de Extraescolares, Orientadora, Xefa de Estudos e profesoras do EDL deu como resultado unha moito mellor organización das actividades extraescolares: manterémola no horario deste curso.

Procuraremos manter o nivel de comunicacións a prensa e en redes sociais, e facilitaremos á Dirección informes para que se acheguen ás familias. Continuaremos actualizando a web do centro.

2. Fundamentos, obxectivos e liñas de traballo

Dando continuidade a un proxecto de extraescolares que se iniciou hai 5 anos, propoñemos a presente programación que pretende consolidar as liñas de traballo desenvolvidas ata hoxe:

- Elaborar un catálogo de actividades plural, asequible economicamente para o alumnado e coherente co noso proxecto educativo, poñendo o acento nas iniciativas interdisciplinares.
- Fomentar que o alumnado aprenda a aprender, a ser, a coñecer, a facer e a convivir, consigo mesmo e coa realidade social na que está inmerso.
- Promover, desde o espírito crítico, valores de compromiso social, ecolóxico e de cultura galega.
- Promover a organización de actividades e campañas que estimulen o traballo cooperativo e creativo.
- Difundir e visibilizar as actividades realizadas e implicar ás familias no desenvolvemento das mesmas, co obxectivo de aumentar a reputación do centro e a autoestima do alumnado.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

OBXECTIVOS XERAIS	LIÑAS DE TRABALLO
1. Fomentar a realización de **actividades colectivas interdepartamentais**, contribuíndo á coherencia do noso proxecto educativo de centro. A través dunha metodoloxía de proxectos, enriquecerase o nivel de aprendizaxe significativa derivado das experiencias realizadas e propiciarase un ambiente de traballo máis rico (***aprender a coñecer***).	1.1. Promoción da participación de grupos de Departamentos en experiencias educativas de innovación pluridisciplinares como os Contratos-Programa (*Espazo Familia, Mellora do rendemento para acadar a excelencia* ***(STARgal -seminario transversal de audiovisual e robótica***), o Club de Ciencia (estudo de vivendas bioclimáticas e creación dun invernadoiro de prantas medicinais); Espazo Makers (domotización da Casiña dos Maios). 1.2. Estudo das diferentes actividades para ofrecer un **programa diverso e equilibrado** (evitando saturación en períodos concretos ou para determinados cursos, cargas económicas, solapamento de obxectivos e inclinación excesiva cara á relixiosidade). 1.3. Creación de **grupos de traballo** de profesorado, de alumnado e de profesorado-alumnado (Comisións de extraescolares, prensa, Club do Antifás) 1.4. Consolidación do proxecto interdisciplinar ó redor do cal se vertebren as campañas, celebracións e froitos do Contratos Programa: ***A roda do ano*** (ver capítulo aparte). De acordo con este, redefinición das **conmemoracións** habituais do ano (Samaín-Magosto, Nadal, Entroido…) e do festival de Fin de Curso.
2. **Xestionar** de xeito eficiente as actividades e divulgalas entre a comunidade educativa.	2.1. Manter unha **reunión** periódica coa Xefa de Estudos, Orientadora e profesoras do EDL. 2.2. Publicar na Sala de profesorado a **planificación** trimestral. 2.3. Publicar no novo taboleiro de Extraescolares para o alumnado a planificación mensual. 2.4. Difundir no taboleiro "**Participa**!!" aquelas campañas, concursos ou bolsas ás que pode acceder o alumnado.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

	2.5. **Publicar na web do centro** as convocatorias e o resultado das actividades, nomeadamente álbumes de fotos. 2.6. Coordinar o horario das actividades extraescolares de acordo coa dispoñibilidade de tempo do alumnado (obradoiros dos luns e martes, saídas, etc). 2.7. Manter informada á prensa das actividades máis salientables.
3. Revisión das **saídas de longa duración** co fin de que se convirtan en experiencias de convivencia e descobremento de hábitos de vida saudables (***aprender a ser e a convivir***).	3.1. Organización de **saídas por niveis**: • 1º ESO: por definir • 2º ESO: Musical e Historia, Madrid (Música e Relixión) • 3º ESO: Galego e Tecnoloxía, a Ourense-Lugo-Courel • 4º ESO: fin de etapa 3.2. Organización dunha viaxe interxeracional de fin de curso como recompensa á implicación do alumnado nas actividades do curso: **Cachatrip.**
4. ***Aprender a aprender***: entendemos que o mellor xeito de lograr este obxectivo é que o alumnado afronte **retos**, pois nese contexto menos relaxado espértase a curiosidade e consolídanse mecanismos cognitivos que non se dan na rutina diaria.	4.1. Os **concursos** desenvolvidos no noso centro: certame literario-audiovisual *Máis que palabras*, Concurso de *Microtextos teatrais*, competición *STARgal*, *DéfiHebdo*, etc. 4.2 Concursos externos de tipo cultural, promovidos desde o Club do Antifás: premios *Olloboi*, *Fouciño*, *Fic Bueu*, *Youtubeiros*, *Clipmetraxe*, etc. 4.3. Concursos externos de tipo científico, tecnolóxico (robótica en *Igaciencia*) ou matemático (*Canguro, Rallye*). 4.4. Competicións deportivas (premio *Xoan Lampón*, carreira solidaria, etc.)
5. ***Aprender a ser*** é un estándar	5.1. Desenvolvemento da conciencia **crítica** a través de

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

que se refire a desenvolver competencias cívicas e sociais. Particularmente, interésannos aquelas actitudes que significan un compromiso coa xente máis **desfavorecida**, co **medioambiente** e coa nosa **cultura galega**, sempre desde o marco da **creatividade** e a **cooperación**.	proxectos comúns ("A roda do ano" suporá a elaboración de pezas audiovisuais sobre a nosa **contorna natural, cultura, lingua e historia**) e das curtas producidas no Club do Antifás (este curso centradas na **ecoloxía e o consumismo**). 5.2. Promoción da participación en programas **solidarios** (coordina Departamento Relixión): Entre Culturas e Manos Unidas (martes a mediodía, 2º ESO, aínda por concretar cal proxecto). 5.3. Participar de xeito proveitoso nas saídas de longa duración, especialmente nos intercambios.
6. **Aprender a facer** é a capacidade de desenvolver estratexias procedimentais e resolutivas coas que afrontar a construción de proxectos. Como o camiño se fai andando, a metodoloxía que escollemos para acadar este obxectivo é a de involucrar ós rapaces e rapazas na elaboración dos proxectos principais do centro.	6.1. Constituír **comisións de traballo** para organizar diferentes actividades: Magosto, Entroido, Letras Galegas, festival de fin de curso. 6.2. Crear os produtos que se mostrarán no **STARgal** (pezas audiovisuais, obxectos reciclados, programas informáticos, videoxogos, instalacións robóticas e RV) e organizar a olimpíada (quendas, monitor@s de actividade e de grupo, etc.) 6.3. Implicar ó alumnado directamente na organización das **saídas de longa duración**. 6.4. Representar os espectáculos teatrais que se ensaian ó longo do curso no **Obradoiro Bolaño.** 6.4. Elaborar un **horto-invernadoiro** escolar (*Club de Ciencia*).
7. Establecer lazos coa **realidade circundante**, contribuíndo ó **benestar e sentimento de realización** da propia comunidade e ó desenvolvemento dun sentido de pertenza á mesma.	7.1. Desenvolver obradoiros nos que a familia teña protagonismo: **Avós e avoas na Cachada** (*Club de Ciencia*). 7.2. Colaborar co **Concello de Boiro** en iniciativas conxuntas: *Programa Mentoring creativo*, emprendemento social, etc. (a través Departamento Orientación). 7.3. Desenvolver o Contrato-Programa "**Espazo Familia**". 7.4. Colaborar co Festival Audiovisual Escolar **Olloboi**, non só a

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

	través da participación como concursantes (elaboración de pezas audiovisuais promovidas desde o Club do Antifás) senón implicándose na organización do evento (axuda económica, cesión de espazos, etc). 7.5. Establecer redes sociais que poidan axudar tanto no presente como no futuro. 7.6. Difusión das actividades realizadas, tanto a nivel centro (**taboleiros de extraescolares**) como a nivel comunidade (**prensa e radio, web instituto, redes sociais**). 7.6. Espertar o sentimento de cidadanía Europea a través do Intercambio escolar con **Francia.**
8. Mellorar o **rendemento académico** e outros aspectos positivos para o desenvolvemento adolescente.	8.1. **Seguimento do alumnado** máis involucrado en actividades extraescolares e complementarias ó longo das tres avaliacións (particularmente o implicado no Contrato-Programa). 8.2. Termómetro de opinión do centro (enquisas, paneis, campañas instagram…)
9. Promover mecanismos e convenios de colaboración con diferentes institucións e entidades de cara a conseguir **financiamento** e lograr así un abaratamento das actividades para que as familias poidan facer fronte ó custo económico das mesmas.	9.1. Colaboración na busca de facilidades para desenvolver o **obradoiro Bolaño de teatro** que organiza o EDL. 9.2. Colaboración na consecución dun convenio de uso dos recursos e instalacións da contorna para a realización das actividades extraescolares (**instalacións deportivas de Boiro**, etc.) 9.3. Elaboración de **informes e proxectos para solicitar axudas económicas** a Concello, Deputación, Consellería e quen queira que ofreza bolsas de estudo ou premios (no 2018 participamos nas convocatorias de Innovación en Dinamización Lingüística e GSD Innova.) 9.4. Estudo da oferta de **actividades extraescolares municipais ou provinciais** e valoración de participación nas

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

	mesmas.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

3. Obradoiros

3.1. Club do Antifás

Obradoiro audiovisual que desenvolverá este ano a súa novena edición, e cuxa traxectoria pode coñecerse na pestana do mesmo nome na nosa web; as áreas de traballo que levou a cabo son:

- Curso 2009/10: a francofonía (proxecto ***Francachadonia***)
- Curso 2010/11: a inmigración (proxecto ***Ciconia***)
- Curso 2011/12: emprendemento creativo e sostible (proxectos ***Futuro de indicativo*** e ***Amores Prohibidos 2.0***)
- Curso 2012/13: proxecto Erasmus "**Tell me about famous people**"
- Curso 2013/14: a experiencia estética comprometida (proxecto ***Anestesia***)
- Curso 2014/15: xestión cultural e colaboracionismo (proxecto ***AquaeCultura***, co Encontro de Embarcacións tradicionais)
- Curso 2015/16: novas narrativas dixitais para a educación para o desenvolvemento (proxecto ***EpdLab***)
- Curso 2016/17: ensaio co material didáctico para docencia do audiovisual **Aprendo con Olloboi**. Con el, elaboración de pezas audiovisuais para diversos proxectos ("Máis che vale non ser ti", sobre o ciberacoso, que levou un premio no propio Olloboi; "Ruta Translatio", para o Proxecta Mirando polo Camiño.)
- Curso 2017/18: por baixa da profesora coordinadora, só se realizaron pezas de apoio a proxectos xa existentes no centro.

Ofertarase para alumnado de 2º e 4º da ESO e desenvolverase os martes a mediodía entre outubro e xuño. Este curso intentaremos facer unha web serie.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

3.2. Club de Ciencia - Obradoiros de avós e avoas

Pretendemos dar continuidade ó proxecto comezado o curso pasado, a Casiña dos Maios[1]: un módulo de bioconstrución que edificamos baixo a dirección do artesán alemán Guido Tomasini e do que non existe réplica en ningún centro de secundaria obligatoria de Galicia.

A idea da nosa Casiña dos Maios é demostrar que as condicións de salubridade e habitabilidade das edificacións feitas con técnicas de bioconstrución son maiores que as das vivendas habituais. Os nosos obxectivos para este curso son:

- Instalar sensores metereolóxicos e facer un seguimento das condicións de humidade e temperatura ó longo do ano, o cal se iría publicando cronoloxciamente na web do noso centro.
- Facer unha medición dos niveis de radón do módulo e no concello Boirense, elaborando un mapa dixital con estas medicións.
- Crear un pequeno horto de plantas aromáticas, estudando as propiedades das mesmas
- Instalar un sistema de rego automático preferiblemente electrificado a través dun sistema de placa solar.
- Na medida en que consigamos financiamento a través de programas STEM, quixeramos conectar os sensores metereolóxicos a unha centraliña gobernada con Arduino, de xeito que puideramos domotizar algún elemento (luz, rego, etc.)

Os catro departamentos traballarían nas súas respectivas áreas:

- **Tecnoloxía**: remate da construción do módulo baixo os criterios da bioconstrución (falta un peche baixo o teito na fachada leste, e volveríamos estudar as propiedades dos materiais de construción ecolóxicos e/ou reciclados, técnicas artesanais como o adobe ou o revestimento de cal, etc.); electrificación e instalación de rego automático.

- Física e Química: estudo das propiedades químicas dos diferentes materiais de construción (barro, cal hidráulica, etc.), instalación de sensores metereolóxicos e interpretación das lecturas.

- Bioloxía e Xeoloxía: creación dun xardín de aromáticas no perímetro do módulo (se fora posible, con rego automatizado).

[1] https://docs.google.com/document/d/e/2PACX-1vTOarcOj30peJLhjcIsaygy1-GGBrxY8dnfM4CD0pj36RZrlqrCK3YamTCMJ47AVmE8BM7WuawteKzE/pub

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Matemáticas: elaboración das estatísticas bioclimáticas, publicación na web, instalación dun reloxio de sol e cálculos relacionados coa obra que queda por rematar.

Previsión de horarios e lugares de traballo

- O grupo monitor traballará durante unha hora á semana, preferiblemente os luns pola tarde. Cando isto non sexa posible, substituirase por recreos.
- Todo o alumnado do centro colaborará nalgún momento do curso a través das materias implicadas: en 1º ESO farase un herbario en Bioloxía con plantas recollidas na contorna; en 2º ESO asistiremos a unha plantación de permacultura (estaba previsto no curso pasado, pero non tivemos tempo); en 3º estudaranse as propiedades dos materiais e en 4º ESO, Tecnoloxía, analizarase o control do rego a través dun sistema automático.
- O grupo monitor asistirá a un laboratorio de investigación sobre bioclimática (aínda por decidir, contactaremos con Meteogalicia e coa asociación de bioconstrución Espiga).
- De contarmos con orzamento, intentaremos pasar catro días no albergue-escola do bioconstrutor Guido Tomasini, na Pontenova, Lugo.

3.3. Espazos Maker (solicitado)

Como no Club de Ciencia, a nosa idea é sacar partido da Casiña dos Maios[2] o módulo de bioconstrución que edificamos baixo a dirección do artesán alemán Guido Tomasini.

A idea da nosa Casiña dos Maios é demostrar que as condicións de salubridade e habitabilidade das edificacións feitas con técnicas de bioconstrución son maiores que as das vivendas habituais. Para isto, durante este curso imos instalar sensores metereolóxicos e, a través desta convocatoria de *Espazos Maker*, quixeramos conectalos a unha centraliña gobernada con Arduino, de xeito que puideramos domotizar algún elemento (luz, rego, etc). Sería preciso electrificala antes, o cal agardamos facer cunha placa solar.

[2] https://docs.google.com/document/d/e/2PACX-1vTOarcOj30peJLhjcIsaygy1-GGBrxY8dnfM4CD0pj36RZrlqrCK3YamTCMJ47AVmE8BM7WuawteKzE/pub

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

Os departamentos implicados terían diferentes obxectivos:

- **Tecnoloxía**: electrificación e domotización da Casiña dos Maios (control das lecturas de luz, humidade e temperatura a través dun módulo de Arduino, e con el realizar algunha operación sinxela como apertura ou peche dun interrutor, luz, etc).
- Física e Química: instalación de sensores metereolóxicos e conexión a placa Arduino; interpretación das lecturas.
- Matemáticas: soporte na programación dos elementos domotizados e deseño de aplicación web para control.
- Galego: elaboración de titoriais audiovisuais explicando diferentes partes do proceso. Ademais, o grupo monitor elaboraría flipped classrooms para profesorado sobre manexo de Drupal, previsiblemente a través do uso de aplicacións específicas de Chroma con iPad.

Previsión de horarios e lugares de traballo

- Durante os dous primeiros trimestres, o grupo monitor traballará unha tarde ó mes e, previsiblemente, reunirase un recreo á semana. No terceiro trimestre é probable que aumente a frecuencia das reunións.
- Todo o alumnado do centro colaborará nalgún momento do curso a través das materias implicadas: en 1º ESO traballarase na cultura dos algoritmos a través de xogos nas materias de Galego ou Matemáticas; en 2º e 3º ESO, na materia de Galego, realizaranse videotitoriais en torno á temática STEM (domotización, cultura da programación, etc); en 2º e 3º ESO en Tecnoloxía traballarase o Scratch e farase un xogo relativo ás variables coas que se traballe na Casiña dos Maios; en 4º ESO, Tecnoloxía, adaptarase a programación para guiar todo o proxecto da Casiña (electrificación e domotización da Casiña); en 4ºESO, TICs, estudarase a aplicación web que reflicta o proceso de domotización.
- O grupo monitor asistirá a un evento ou laboratorio "maker" para coñecer posibilidades do hardware libre e así propoñer proxectos afíns (que sairán do propio alumnado e por tanto non poden anticiparse).
- Na medida de contarmos con orzamento, convidaremos a diferentes profesionais do mundo STEM a vir colaborar no proxecto (docencias, obradoiros, etc. P. Ex: responsables

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

do proxecto Algoritmia[3], do OSHWDem[4], Casa das Ciencias da Coruña, Flipped Classrooms do Clip Ciencia[5], de Xacobo de Toro Cacharrón).

3.4. Obradoiro Bolaño

Un ano máis, ofrecerase ó alumnado un obradoiro de teatro, mantendo como profesora á licenciada en Historia da Arte e actriz profesional Sabela Hermida.

No taller ensaiaranse tres pezas:

- Unha adaptación da obra de Antón Fraguas, homenaxeado nas Letras Galegas deste ano.
- Unha peza de temática vencellada ó proxecto interdisciplinar de centro, elixida de entre as presentadas ó Concurso de Microtextos teatrais RVB.
- Unha peza de temática libre, a gañadora do Concurso de Microtextos teatrais RVB.

3.5. Intercambio con Francia

Por quinto curso, o Departamento de Francés ofertará ó alumnado de francés de 3º da ESO a posibilidade de participar nun intercambio cultural-lingüístico co **Collège Alain Jacques (Picardie)** dentro dun acordo asinado ante a Embaixada de Francia en Madrid e a iniciativa da Consellería de Educación.

O proxecto leva por título ***Memorias cruzadas***, aludindo á memoria histórica que o noso alumnado "cruzará" cos seus correspondentes. Nesta ocasión traballaremos sobre a Guerra Civil española e a II Guerra Mundial, facendo fincapé nos distintos xeitos que teñen Francia e España de traballar, institucional, social e académicamente o tema.

Abórdase coma unha actividade bi-trimestral que conclúe coas vacacións de Semana Santa, á volta da nosa viaxe.

Fases do proxecto

[3] http://www.proxectoalgoritmia.org/
[4] https://oshwdem.org/
[5] https://www.youtube.com/channel/UCBpPB8kJ6IlbaH2U2zZqnYQ

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Dende outubro até febreiro levarase a cabo unha serie de actividades que preparan a chegada do grupo francés a Boiro (intercambio de cartas, mails, chats, videoconferencias, fabricación de productos, etc.).
- En febreiro, durante unha semana (datas aínda por determinar) recibiremos ó grupo francés. O noso alumnado coñece dende outubro cal será a persoa que acollerá na súa casa.
- A partir daí, durante a súa estancia en Boiro o grupo francés acompañado do noso grupo visitará o centro e puntos de interese da nosa contorna. Cada día, entre as 7 e as 8 da tarde chegaremos a Boiro e reuniranse coas familias.
- No mes de abril, na semana previa ás vacacións, viaxaremos nós a Francia seguindo o mesmo modelo de convivencia e visitas.

Obxectivos deste proxecto

- Mellorar a competencia lingüística do noso alumnado en lingua estranxeira.
- Adquirir coñecementos de primeira man sobre a cultura francesa e picarda.
- Adquirir coñecementos sobre a historia propia e a do país de destino.
- Desenvolver a visión crítica do noso alumnado sobre a historia particular e común, así como da situación política actual a nivel local, nacional, europeo, etc.
- Medrar en tolerancia e confianza en si mesmas/os.

3.5. Quérote +

O proxecto asumímolo como unha oportunidade formativa que se nos brinda para para poder traballar a educación afectivo-sexual, dende unha proposta de traballo comprensiva, planificada e continuada no tempo, que permita atender as necesidades reais dos alumnos e alumnas, traballar dende a prevención universal e sensibilizar a toda a Comunidade Educativa sobre importancia da afectividade e sexualidade na vida da nosa xuventude.

Obxectivos:

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Favorecer a incorporación interdisciplinar da educación afectivo-sexual no currículo, primeiro a través da sensibilización, segundo mediante a formación, e terceiro a través de materiais didácticos que se poidan ir elaborando.
- Desenvolver un programa de educación afectiva e sexual que favoreza a promoción da saúde no seu senso máis amplo.
- Posibilitar a formación das familias, a fin de que teñan recursos e estratexias para desenvolver nos fillos e fillas as competencias persoais e sociais necesarias que lles permitan vivir a súa sexualidade dunha forma libre, respectuosa, saudable e feliz.
- Poñer en valor a diversidade e fomentar o seu respecto de cara a unha convivencia democrática
- Favorecer o desenvolvemento dunha autoestima positiva co obxecto que o alumno/a gañe en asertividade e resistencia á presión de grupo.

O proxecto desenvolverase en dúas fases:

- **FASE A**: os contidos traballados na primeira fase obedecen a distintos centros de interese da poboación adolescente e ligados directamente á consecución dos obxectivos do programa, desenvolvidos a través de seis unidades didácticas, a saber: 1. Conceptos básicos de sexualidade e afectividade (sexo, sexualidade, anatomía e fisioloxía, identidade sexual, orientación do desexo, sexualidade e xénero). Os cambios na adolescencia. Imaxe e autoestima 3.- Sociedade e Sexualidade. (prexuízos, estereotipos e mitos). 4. As relacións sexuais no marco da convivencia e diversidade. Os métodos anticonceptivos Recursos: Métodos anticonceptivos e de emerxencia. 5. As infeccións de transmisión sexual e a súa prevención VIH e Sida (prexuízos, estereotipos e mitos). Actitudes individuais fronte á prevención do VIH e da discriminación asociado ó mesmo. (POS-TEST). 6. Habilidades individuais e sociais: autoestima, comunicación, toma de decisións, empatía e asertividade.
- **FASE B**: actuacións/actividades puntuais coa finalidade de conmemorar as efemérides ligadas ós contidos do programa:

-Conmemoración do Día Mundial do VIH a través de sensibilización coa posta de carteis que solicitamos a Cruz Vermella Xuventude e da colocación dunha mesa e panel informativos no vestíbulo do instituto.

-Conmemoración do Día Internacional en contra da Violencia de Xénero. Elaborarase un panel, a modo de *fotocall*, onde cada parella de amigos e/ou mozos poida fotografarse con mensaxes positivas e negativas sobre o significado do amor.

-Conmemoración do Dia da Muller Traballadora, a través da posta en marcha dunha Unidade Didáctica sobre o papel da muller na sociedade actual.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

-Espazo familias: Educación afectivo- sexual. Dúas horas e media de intervención coas familias. A metodoloxía empregada será dinámicas de grupo, estudo de casos e mesa redonda con expertos.

3.6. Apúntome a non beber

Este é un novo Proxecta; con el, pretendemos abordar a prevención do consumo de alcol nos adolescentes dunha forma contextualizada, interdisciplinar, rigorosa e sistematizada. O fundamental para nós é que o alumnado reflexione sobre os motivos do inicio no consumo do alcol, o patrón de consumo nos adolescentes e a importancia do tempo de lecer no desenvolvemento persoal. Igualmente, no traballo coas familias, que consideramos imprescincible, estudar a posición dos pais e das nais ante o inicio do consumo e propoñer estratexias de prevención e control no eido familiar.

Obxectivos:

Con respecto ó alumnado: Coñecer os mitos en canto ao consumo de alcol e outros estupefacientes. Coñecer os niveis de consumo de alcol na nosa sociedade. Principios básicos relacionados coa lexislación en materia de prevención do alcoholismo en relación cos menores. Coñecer a relación entre o consumo de alcol e a saúde e cos riscos de exclusión social. Analizar con espírito crítico a publicidade do alcol e a procura dos novos consumidores (mensaxes, cores, imaxes, linguaxes; asociación entre o consumo de alcol con determinados valores sociais: ex. éxito social, estatus social...). Deseñar unha campaña de prevención do alcoholismo. Desenvolver accións de concienciación entre iguais, facendo que os máis grandes trasladen aprendizaxes aos máis pequenos. Desenvolver habilidades sociais e estratexias de socialización e de asertividade en ámbitos libres de alcol.

Con respecto ó profesorado: Fomentar os factores de protección do alcoholismo e do consumo de estupefacientes, bebidas enerxéticas (ex. Redbull). Fomentar os valores de prevención entre as familias para combater o descoñecemento e a falta de conciencia relacionada con esta adicción. Promover a conciencia crítica respecto da publicidade producida arredor do alcol. Fomentar unha cultura de lecer libre de alcol (ex. festas, excursións). Fomentar os factores de protección do consumo de alcol (ex. actividades deportivas, relacións familiares, relacións sociais, xestión do ocio, xestión de lecer nocturno activo...).

Con respecto ás familias: Concienciar ás familias da responsabilidade que teñen na educación libre de alcol como mínimo ata os 18 anos. Ser un modelo de vida equilibrado, de non consumo ou de asertividade ante o mesmo.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

Respecto á comunidade: Procurar solucións de servizos á comunidade para paliar os delitos de alcol en menores. Traballar coas distintas institucións do entorno sobre a prevención (asociacións culturais, cruz vermella, servizos de saúde, garda civil local...)

O programa organizarase da seguinte forma:

- O estudo dos conceptos e das distintas ideas reflectidas nos obxectivos, así como a propia realización da Campaña PRIMEIRO PENSO LOGO DECIDO, desenvolveranse a través da titoría e da materia de xeografía e historia . A campaña presentarana os alumnos e alumnos nos centros de educación primaria do Concello, con toda a repercusión positiva que isto con leva.

- O traballo coas familias realizarase a través dos ESPAZOS FAMILIAS (encontros para traballar as necesidades compartidas polas familias) e das Xornadas coa Cruz Vermella.

- O traballo co profesorado partirá dunha sesión de sensibilización, información e difusión das intencións e contidos do programa.

- Coa comunidade educativa traballaremos a través das xornadas da Cruz Vermella e da mesa redonda EDUCAR PARA UN ESPAZO ADOLESCENTE CON DROGAS.

4. Contratos-programa

4.1. STARgal

Seminario transversal de audiovisuais e robótica que culmina na mostra-olimpíada que se celebra o día das Letras Galegas.

Trátase dun proxecto interdisciplinar no que contamos cun grupo de ***alumnado monitor*** que se forma en horario extraescolar (os luns a mediodía en programación e robótica, e os martes en audiovisuais, a través do Club do Antifás). Este alumnado axuda logo ós seus compañeiros e compañeiras nas aulas a desenvolver diferentes produtos que os responsables do proxecto teñen previamente consensuados.

No STARgal colaboran diversos Departamentos a través do uso do audiovisual ou a robótica-programación, e temos previsto neste curso:

- Tecnoloxía: elaboración de videotitoriais sobre o uso de softwares, videoxogos educativos respecto ós pobos celtas ("A roda do ano") e á figura de María Victoria Moreno, homenaxeada das Letras Galegas 2018; elaboración de curtas de ciencia ficción e/ou a historia da Tecnoloxía, colaboración nas exposicións orais de Galego (participación en Youtubeir@s).

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Lingua Galega: curtas de Ciencia Ficción, videoanálises de textos, microvídeos (Vine) sobre figuras retóricas, videopoemas, elaboración de contidos para os videoxogos mencionados, videoexposicións orais para Youtubeir@s.
- Matemáticas: programación en Scratch (para os videoxogos) e uso de drones.
- EDL: coordinación de contidos en A Roda o Ano (para videoxogos e curtas).
- Física e Química: curtas sobre experimentos para a materia do mesmo nome.

Como o ano pasado, o día en que se conmemoren as Letras Galegas farase unha competición *online* cos videoxogos procurando a participación de centros de secundaria de toda Galicia.

4.2. Espazo familia

O Departamentos de Orientación como axente de cambio configúrase como unha peza clave para facer posible algúns dos procesos innovadores nos centros educativos. Nesta liña de pensamento e cumplindo coa lexislación vixente, participamos nos Programas Contrato, tendo presente en todo momento que a finalidade das actuacións non é outra que servir de plataforma a moitas actividades que se estaban facendo "na sombra" e que sen dúbida deben ser recoñecidas pola súa aportación á calidade educativa do centro e ó éxito escolar do alumnado.

Asemade, o departamento de orientación no marco dos contrato-programa creou os Espazos Familias xa no curso 2014/2015. A conveniencia da colaboración escola-familia para potenciar o poder educativo que poden e deben ter é recoñecida por ambas institucións, pero é difícil redefinir o tipo de relacións e operativizalas. Nun intento de establecer mecanismos de coordinación que garanta, ou cando menos posibiliten a colaboración necesaria entre ambas institucións, xorde a idea de deseñar o PROGRAMA DE ORIENTACIÓN FAMILIAR e dentro del os ESPAZOS FAMILIAS.

Os espazos familiares (EFs) configúranse como espazos de información, formación e reflexión coas familias sobre a tarefa educativa que se realiza cos fillos. Entendemos o EF como unha forma de participación directa, de carácter preventivo e que permite a colaboración permanente e funcional, e que en xeral é ben acollida polas Comunidades Educativas. Pretendemos caracterizalo como un grupo de aprendizaxe aberto ó servizo da comunidade que pretende programar actividades en base a unhas necesidades compartidas, comunicar e informar dentro dun proceso de interacción e promover a aprendizaxe familiar con expertos.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

5. A roda do ano

Durante este curso consolidaremos o multiproxecto ***A roda do ano***, baseado nas conmemoracións celtas do ano solar, e en base ás cales deseñamos actividades que fomenten profundizar nas nosas raíces culturais e en valores vencellados á ecoloxía, a saúde e o non consumismo.

Obxectivos

- Fomentar o traballo en equipo e ben coordinado dos diferentes profesores, profesoras e alumnado do centro.
- Propiciar un ambiente de creatividade colectiva que interrelacione os contidos de diferentes materias, implicando de xeito máis activo ó alumnado e ás súas familias.
- Repensar o uso que outorgamos ó noso tempo libre, particularmente en relación á nosa saúde e benestar, á xente que nos rodea e ó medio natural.
- Coñecer a raigame pagá das festividades actuais, aprezando a multiculturalidade e permitindo un exame crítico da historia, cultura e costumes.
- Valorar iniciativas de economía solidaria que contribúan a reutilizar recursos e respectar o medioambiente.
- Coñecer alternativas saudables á nosa alimentación (permacultura, dieta, etc.)
- Repensar o entorno no que vivimos, a paisaxe e o deseño das vivendas (bioconstrución).

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Repensar os valores que nos definen como individuos e o noso rol social, particularmente alterados polo emprego indiscriminado e pouco crítico das redes sociais.

1 nov	21 (24) dec	1 feb	21 marzo	1 maio	21 xuño
SAMHAIN Inicio do ano novo celta e o dunha nova Roda do Ano. Época de meditación e reflexión sobre os ciclos da natureza, da vida e da **morte**.	**YULE** Festa de época neolítica: o retorno da vida, da esperanza, liberación do antigo. Dos celtas, o Apalpador.	**IMBOLC** ("Candelaria"), celebra o despertar da terra e o crecente poder do Sol. (Para os celtas, deusa Bríxida, do lume, a sabedoría, a poesía e as fontes sagradas.)	**OSTARA** Espírito de equilibrio e renovación; época de comezar a plantar, do amor, de promesas e decisións.	**BELTAINE** Primeira floración do Verán; era o festival máis alegre dos antigos, e festexábase con danzas arredor de fogueiras, encantamentos, coller flores…	**LITHA** Fartura e celebración: as plantas están no seu apoxeo. Colleita de herbas medicinais e máxicas; baños purificadores e grandes fogueiras.
GAL+ Extraesc-CdA + Ori Curtas para os ***Recreos arrepiantes**** Temas*	**REL + VET** Mostra de diferentes celebracións do Nadal	**FRA** Celebración gastronómica da festa francesa ***Chandeleur***	**Francés + Historia** Intercambio e Memoria histórica	**Letras Galegas (15 maio)** **MUS + EDL + Extra + TICS (Mates) + EF** • STARgal • Teatro	**Festival Fin de curso** **Música + Extraesc + Ori + EDL** • Concertos. • Xogos populares: bolos celtas • Curtas

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

EDL - Magosto	**Tecno + Extraesc** Instalación ***"O apalpador non trae bolsas de plástico"***	**Tecno + EDL + Extraesc + Galego + Orie** Preparación do ***Entroido***: ***grandes historias de amor*** (prevención condutas sexistas e prexuízos de xénero)		**BX** **Herbario prantas medicinais 1ºESO**	**TICS + Ori + Tecno** Curtas uso das novas tecnoloxías*: **a realidade non é virtual?**